

INTRODUCCIÓN

O pasado 12 de setembro a Cidade da Cultura de Galicia acolleu a xornada 'Mulleres e Cultura Urbana', un evento impulsado por 7H Cooperativa Cultural co obxectivo de fomentar o intercambio de experiencias, a creatividade colectiva e o espírito crítico na abordaxe das desigualdades de xénero no sector. Realizado ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021 e como parte da programación da edición 2020 do festival feminista de arte urbana e contextual Delas Fest, o evento combinou sesións de análise e debate cun concerto de High Paw e un encontro de improvisación creativa a spray destinado a reivindicar a riqueza da cultura urbana feita por mulleres en Galicia.

A iniciativa, que contou para o seu desenvolvemento coa colaboración da Cidade da Cultura de Galicia e da empresa Montana Colors, formulouse cos seguintes obxectivos principais:

- Propiciar a difusión de creacións culturais e artísticas ligadas á cultura urbana en Galicia.
- Visibilizar a presenza da muller na cultura urbana e analizar de xeito colectivo as desigualdades de xénero presentes neste sector.
- Xerar un espazo de intercambio de experiencias e saberes orientado ao establecemento de redes de colaboración e apoderamento entre as participantes.
- Reivindicar o traballo artístico das mulleres na procura da igualdade efectiva.

Para acadar estes fins, o programa articulouse arredor de dous módulos: un de carácter teórico e formativo, integrado por sesións de análise e debate arredor do evento curatorial Delas Fest e a situación da cultura urbana galega en clave de xénero; e outro orientado á creación experimental e cun espírito máis lúdico, composto polo concerto da compositora e cantante viguesa High Paw e o encontro de improvisación pictórica 'Delas Jam'.

Tanto desde o enfoque máis teórico e deliberativo como desde a perspectiva práctica, participativa e experimental, todas as actividades integrantes da xornada dirixíronse preferencialmente a:

- Mulleres profesionais do sector da cultura urbana.
- Mulleres interesadas en orientar o seu desenvolvemento persoal e profesional cara este sector.
- Programadoras de festivais de arte e cultura urbana e persoal técnico, tanto de institucións públicas coma de entidades privadas.
- Persoas con interese no campo da arte e a cultura urbana.
- Estudantado de Belas Artes, escolas de artes e/ou áreas formativas afíns.
- Sectores da mocidade interesados na cultura urbana.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

Tendo en conta o punto de partida e as metas ás que aspiraba esta proposta, cabe sinalar, primeiramente que a iniciativa desenvolveuse baixo o cumprimento respectuoso dos principios desde os que foi deseñada. Isto é, a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres; o respecto á diversidade e a diferenza; a integración da perspectiva de xénero; o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista, a solidariedade e a colaboración. Así mesmo, toda a xornada desenvolveuse sen ningún sobrealto e baixo o cumprimento dos protocolos hixiénico-sanitarios de seguridade, o que entendemos (e celebramos) como unha demostración de que a #culturaésegura.

A continuación, abordamos brevemente o desenvolvemento de cada unha das actividades que conformaron a programación do evento, desenvolto totalmente en galego.

Sesión de mañá: faladoiros e mesa redonda

Tal e como estaba previsto, a sesión da mañá presentou unha orientación máis reflexiva cos dous faladoiros arredor do traballo artístico no espazo público e unha mesa redonda na que cinco artistas galegas examinaron o estado da cultura urbana no noso país desde as súas experiencias en diferentes disciplinas.

O primeiro faladoiro, titulado 'O espazo público como espazo político', correu a cargo da artista visual especialista en xénero Lina Castellanos, integrante do colectivo de muralistas Dúo Amazonas. Desde unha perspectiva feminista e decolonial, a creadora colombiana centrou a súa intervención no exame das violencias e discursos que historicamente construíron a rúa coma un lugar no que as mulleres e as identidades diversas só podemos transitar. Nese senso, Castellanos abordou a súa visión do muralismo coma unha forma de habitar de forma colectiva o espazo público.

O segundo faladoiro, titulado 'A arte urbana desde o colectivo e contextual', foi realizado por Lorena Arévalo, doutora en Arte e Humanidades pola Universidade de Vigo, docente e integrante do proxecto 'Expostas'. A súa intervención xirou arredor da defensa da arte urbana como un medio de comunicación que permite expresar realidades invisibilizadas e discursos minorizados e, por tanto, da concepción dos muros como espazos de reunión e converxencia cidadá con potencial contrahexemónico.

A mesa redonda, titulada 'Mulleres e cultura urbana. Unha análise desde o feminismo', estivo protagonizada por Eva Comesaña, Festa, IRA, Iria Prol e Marcia Vázquez. Baixo a moderación de Clara Rodríguez Cordeiro, comisaria do Delas Fest, as convidadas conversaron arredor da organización colectiva das artistas urbanas nun contexto masculinizado, atravesado pola competitividade, os prexuízos e no que o anonimato, en eidos coma o do graffiti, dificulta a creación de redes. As diferentes disciplinas e experiencias de cada unha das participantes alimentou unha animada conversa na que quedou patente a identificación da precariedade laboral, a temporalidade dos proxectos, a ausencia de políticas de conciliación e a feble rede de espazos que ofertan programación vinculada á cultura urbana no noso país como os principais obstáculos que enfrontan as mulleres creadoras neste eido.

Nos tres casos xerouse un espazo de intercambio de experiencias e saberes no que, ademais da implicación das artistas convidadas, resultou fundamental o rol desempeñado polo público asistente, quen exerceu coma suxeito activo no diálogo sementado polas diferentes intervencións. Tanto nos faladoiros coma na mesa redonda, as persoas que ocuparon os asentos do Auditorio da Cidade da Cultura formularon cuestións ás conferenciantes que permitiron ampliar as marxes do debate así coma enriquecer as temáticas e mirada abordadas. Ademais, cómpre destacar que boa parte das intervencións das persoas presentes na sala subliñaron a importancia da existencia dun espazo de reflexión como o desenvolto, dada a ausencia de foros semellantes nos que examinar en colectivo o estado e perspectivas da cultura urbana no noso país desde unha perspectiva de xénero.

Sesión de tarde: Delas Jam e concerto de High Paw

Na sesión da tarde a programación adquiriu un carácter máis festivo coa celebración do encontro de improvisación pictórica 'Delas Jam'. Carola Bagnato (Mar de Plata), Festa (Compostela), IRA (Compostela), Killa.eK (Quito), Porte (Compostela), Sax (Vigo), Shen Oner (Huesca) e Sphiza (Porto) foron as artistas seleccionadas para participar na actividade, destinada a xerar un espazo lúdico e seguro para o diálogo e a experimentación pictórica. As creadoras, especialistas en graffiti, foron gañadoras das 8 bolsas de creación que, co obxectivo de apoiar a implicación no evento, 7H Cooperativa Cultural lanzou co apoio da Xunta de Galicia e a colaboración da Cidade da Cultura e Montana Colors, empresa catalá que facilitou o spray necesario para as intervencións.

Como resposta á necesidade, amplamente manifestada por profesionais do sector, de poder incidir no espazo público sen sufrir violencias por razón de xénero, o encontro resultou un espazo de complicidades e talentos, ceibo de competencias e egos, baseado na convivencia de creadoras con experiencias e miradas tanto xeográfica coma profesionalmente diferentes.

Para realizar as súas pezas, as participantes na 'Delas Jam' asumiron o reto de empregar coma soporte superficies de papel de celofán situadas entre as árbores do Xardín do Teatro do Gaiás, transformado nunha pequena galería de arte ao aire libre tan visualmente atractiva para as asistentes coma artisticamente suxestiva para as creadoras. Xunto ás áreas nas que estas traballaron, tamén se habilitaron cinco espazos para que o público asistente que quixera experimentar puidera facelo de balde. As intervencións artísticas resultantes, dotadas dunha grande variedade temática e estilística, mantivéronse expostas para a súa visita até o venres 18 de outubro, cando foron retiradas debido a que o día seguinte o mesmo espazo acollía a celebración do WOS Talks x Fest Galicia: Futuro_Presente.

Coma colofón da xornada, a compositora e cantante viguesa High Paw, ofreceu un concerto co seu persoal estilo de soul, reggae, roots, raggamuffin e letras feministas. Nalgúns temas, a música viguesa estivo acompañada polas bailarinas de ritmos urbanos Eva Comesaña e Marcia Vázquez, integrantes da asociación 85C. Malia a imposibilidade de bailar, debido aos protocolos hixiénico-sanitarios de seguridade, as artistas lograron conectar co público, que gozou do espectáculo e aprendeu novas formas de mover o corpo desde os asentos do anfiteatro.

FICHA RESUMO DO PÚBLICO ASISTENTE

A pesar de que as medidas hixiénico-sanitarias vixentes podían desincentivar a asistencia a unha actividade como a organizada, especialmente no caso do módulo da xornada que se celebrou en espazo interior, é importante destacar a grande participación rexistrada no evento.

Na sesión de mañá, composta por dous faladoiros e unha mesa redonda, participaron un total de 35 persoas. Delas, 28 eran asistentes e as 7 restantes eran as encargadas de realizar as intervencións. As prazas abertas á cidadanía para participar coma público, para o que era preciso inscribirse previamente, esgotáronse, mais o propio día, 6 das persoas anotadas non se presentaron. Atendendo ao xénero das persoas asistentes, 22 eran

mulleres e 6 eran homes. Por tanto, o público feminino representou o 78'57% do total. En canto ás relatoras, todas eran mulleres.

Á sesión de tarde, integrada pola 'Delas Jam' e o concerto de High Paw, acudiron un total de 91 persoas. Delas, 82 persoas eran asistentes e 9 persoas eran artistas participantes no encontro de improvisación e no espectáculo musical. As prazas abertas a cidadanía cubríronse, mais o propio día 15 persoas non se presentaron. Atendendo ao xénero das persoas asistentes, 67 eran mulleres e 24 eran homes. Por tanto, o público feminino representou o 73'63% do total. En canto ás artistas, todas eran mulleres.

Coma se pode extraer dos anteriores datos, a presenza feminina foi maioritaria en todas as actividades. Especialmente subliñable resulta o feito de que as mulleres tiveron unha asistencia aínda máis destacada no caso dos faladoiros e a mesa redonda, incrementándose a presenza masculina nas actividades cun carácter máis lúdico e informal.

REPERCUSIÓN E TRANSCENDENCIA PÚBLICA

Co propósito de alcanzar a maior visibilidade e impacto social posibles, desenvolvéronse accións comunicativas con anterioridade ao comezo ao evento, co fin de anunciar a súa celebración e captar a atención de medios e potenciais públicos; durante a celebración do mesmo, dando conta dos avances de cada unha das actividades; e trala súa finalización, co fin de informar dos resultados.

A continuación, indícanse as ligazóns das informacións publicadas en medios en relación coa xornada:

- 7 de agosto. Información da convocatoria da Delas Jam, unha das actividades da xornada, na web de Compostela24horas:
<https://www.compostela24horas.com/texto-diario/mostrar/2051638/convocanse-8-bol-sas-creacion-artistica-participar-na-delas-jam>
- 7 de agosto. Información da convocatoria da Delas Jam, unha das actividades da xornada, en Cultura Galega, portal de información do Consello da Cultura Galega:
<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=3143>
- 11 de agosto. Entrevista en RadioVoz sobre a convocatoria da Delas Jam, unha das actividades da xornada: <https://www.radiovoz.com/archivo/68/vocesdecompostela/>
- 12 de agosto. Información en El Correo Gallego:
<https://www.elcorreogallego.es/tendencias/festa-da-cultura-urbana-feita-por-mulleres-o-12-no-gaias-LK4396937>
- 26 de agosto. Información en compostela24horas:
<https://www.compostela24horas.com/texto-diario/mostrar/2067109/xornada-mulleres-e-cultura-urbana-abordara-situacion-do-sector-clave-galega-e-feminista>
- 8 de setembro. Información sobre as actividades do Delas Fest en Santiago, incluída a xornada Mulleres e Cultura Urbana, en La Voz de Galicia:
<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2020/09/08/delas-fest-recala-santiago-mural-xoana-almar-improvasion-pictorica/00031599590779642718936.htm>
- 8 de setembro. Información sobre as actividades do Delas Fest en Santiago, incluída a xornada Mulleres e Cultura Urbana, en Galicia Confidencial:
<http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/137891-arrinca-delas-fest-santiago-coa-intervencion-muralista-xoana-almar>
- Revista Pincha: <http://revistapincha.gal/evento/mulleres-e-cultura-urbana/>

- Páxina web de Montana Colors:
<https://www.montanacolors.com/noticias/mulleres-e-cultura-urbana/>

Ademais do envío da nota de prensa a medios de comunicación galegos, un labor que se realizou en coordinación coa Cidade da Cultura e a responsable de prensa do secretario xeral de Política Lingüística antes da súa celebración, a difusión da xornada tamén se realizou durante o desenvolvemento da mesma. Concretamente, empregáronse as contas de 7H Cooperativa Cultural en Twitter e Instagram, dúas redes sociais moi propicias para compartir contido en directo e facilitar a súa difusión.

Nese senso, outra das canles de comunicación empregadas para ampliar a proxección pública do evento e facilitar o seu contido ás persoas que non puideron asistir presencialmente foi o *streaming*. Durante a emisión en directo na canle de Youtube de 7H Cooperativa Cultural, que se realizou durante a sesión da mañá, unhas 30 persoas, de media, mantivéronse conectadas á transmisión durante as case catro horas e media que durou a actividade. Posteriormente, as visualizacións do vídeo incrementáronse, alcanzando no momento de escribir esta memoria as 197 reproducións.

Cabe sinalar que, debido a un erro de son ao comezo da emisión, o vídeo volveuse subir novamente á Youtube, xa co audio correctamente e con subtítulos ao galego incorporados durante a intervención da colombiana Lina Castellanos, quen realizou a súa exposición en castelán ao non coñecer a nosa lingua. Actualmente, ambos os dous vídeos están dispoñibles nas seguintes direccións:

- Vídeo orixinal do streaming, con 197 visualizacións: <https://youtu.be/zepzwdjQyJM>
- Vídeo subido con subtítulos en galego e problemas de audio arranxados, con 207 visualizacións: https://youtu.be/8lpc4tD_ENw

Igualmente, as publicacións relacionadas coa xornada que realizamos nas contas de 7H Cooperativa Cultural en Facebook, Twitter e Instagram con posterioridade ao evento rexistraron altos niveis de actividade (interaccións, número de “gústame”, número de post compartidos, comentarios, etc) grazas a unha documentación fotográfica da xornada moi atractiva.

CONCLUSIÓNS

Malia enfrontar as circunstancias menos favorábeis das imaxinábeis para a participación na cultura no espazo público, o resultado é dificilmente máis satisfactorio. Tanto desde o punto de vista do cumprimento dos propósitos enunciados coma desde a perspectiva da implicación da cidadanía e da repercusión pública, cremos que o balance é moi positivo.

Atendendo a que un dos obxectivos centrais da xornada era afondar, desde a perspectiva de xénero, na análise crítica colectiva dos diferentes condicionantes e factores que constrúen o estado actual da cultura urbana en Galicia, entendemos que a programación funcionou coma un punto de encontro propositivo, coma un catalizador para a reflexión e o estímulo do pensamento transformador e colaborativo. A conversa, o debate e a experimentación en colectivo foron os piares dun espazo no que prevaleceu a difusión espontánea de referentes e ferramentas, tanto simbólicas coma prácticas; a escoita activa e a formulación de novos interrogantes na procura de respostas creativas aos diferentes desafíos identificados; coa sororidade coma eixo transversal das diferentes dinámicas.

Se atendendemos ás impresións que nos trasladaron as artistas participantes, a aprendizaxe entre iguais, o intercambio de experiencias e os contactos profesionais xerados emerxen coma os principais puntos fortes da proposta. As presentes na sesión de mañá destacan especialmente a oportunidade de ser parte activa na construción de discursos sobre a profesionalización do sector desde as boas prácticas e a igualdade de oportunidades nun ambiente proclive á conformación de alianzas. En canto ás creadoras que participaron na 'Delas Jam', varias delas destacaron a posibilidade de compartir tempo e espazo con compañeiras que, en moitos casos non coñecían, e coas que establecer contacto para proxectos que transcenden á propia xornada.

Desde a mirada das persoas asistentes ao evento coma público, a orixinalidade das perspectivas implicadas e a pluralidade de temáticas abordada nos relatorios, no caso da sesión da mañá, foron os comentarios máis repetidos. Respecto ás actividades da tarde, as asistentes que nos trasladaron o seu sentir agradeceron fundamentalmente a posibilidade de gozar tanto no rol de espectadoras, presenciando o proceso de creación de obras en directo por profesionais do graffiti, coma no papel de artistas, experimentando con total liberdade creativa coa técnica do *spray*.

É por isto que, tendo en consideración todo o mencionado anteriormente, cremos lexítimas as aspiracións de converter a este evento nunha cita que sitúe a Galiza na vangarda da promoción da cultura urbana coma patrimonio cultural contemporáneo desde unha ollada innovadora e feminista.